

(Del Riego)

Vigo
-30-outubro
1978

Sr. D. Luís Seoane
Buenos Aires

Meu querido amigo:

Recibín a túa carta do día 20, na que te laias de que non cumprira a miña promesa de che escribir. Pero o meu silencio está xustificado, pois estou atrasando días moi doorosos. Cando apenas se cumprira un ano da morte dun irmán meu, agora remata de se finar aos 61 anos, outro: Domingo. Sin mal ningún, deitou como decote ás once da noite, e ás nove da mañán seguinte apareceu sin vida no leito. Xa podes figurarte a forte impresión que nos abanéou e que aínda non puiden superar. Por si fora pouco, mañá operan en Madrid a outro irmán de 54 anos, do corazón. Teñen que lle poñer unha nova válvula, e non sabemos como irá a cousa.

Tamén ando amolado con Artes Gráficas, pois temos fallidos de case seis millóns de pesetas, que non hai xeito de recuperar. Esta situación ven gravitar aínda máis sobre o meu estado de ánimo.

De todos xeitos non deixéi de me ocupar da túa posible colaboración en "Faro de Vigo". Pero con tan mala sorte, que cando encetaba xestións con Landeira, éste cesou como director do xornal. Agora ocupou o seu posto un tal Armesto co que non manteño relación, e nin sei siquera por onde vai encamiñar os seus pasos.

Celebro moito, como podes supoñer, ese proxecto de che facer a gran exposición retrospectiva de homenaxe, que tanto mereces. Aquí, nestes días, está aberta unha exposición antolóxica de Colmeiro, que abrangue desde o ano 1929 ate hoxe. É realmente interesante, e os cadros están moi ben escollidos.

Estou desexando coñecer ese novo libro de grabados "Imágenes de Galicia". O importante é a obra que ún deixa, e pouco significa que a xente nova hiperpolitizada queira prescindiñer do labor esforzado e valioso dos que a precederon. Estamos en momentos revoltos e desacougados. Pero as cousas, si a democracia se asenta, volverán ao seu canle, e os que veñan despois terán necesariamente que valorar o que se fixo en situacións ben difíciles. De calquera maneira, tí e nós sabemos que cumplimos unha misión histórica, e eso val por todo o resto.

O libro "Galicia 2002", inda que non tivo proiección popular, conseguiu un eco positivo nos medios minoritarios.

Por aquí todo sigue máis ou menos como cando tí te fuche. Estase a traballar nunha reactualización do Seminario de Estudos Galegos, coa incorporación de homes novos especializados nas diferentes materias. Xa te supoño enterado, tamén, da inauguración da nova planta do Museo Maside. Eu non puiden asistir, ~~por~~ as razóns que che indicaba ao comezo desta carta, pero dixéronme que concurrira moita xente, e que o Museo quedou moi ben.

E nada máis polo momento. Garimosos saúdos a Maruxa, de Evely pra os dous e pra tí a cordial aperta de sempre, coa esperanza de te poder abrazar moi axina

Paco